

PROGRAMA CULTURAS EN DIÁLOGO 2024

Iniciativa da RMPL que conmemora o **Día Mundial das Persoas Migrantes** con diversas actividades orientadas á reflexión, o intercambio cultural e a creación de espazos de encontro.

17 de decembro

19:00 h. MIGRAÇÕES FORÇADAS: corpos descartáveis e resistências nas fronteiras globais. Encontro de Saberes en liña con Érica Sarmiento da Silva, Profesora Adxunta de Historia de América da Universidade do Estado do Río de Xaneiro (UERJ).

18 de decembro

12:00 h. IOGA ARTE E MIGRACIÓN no Museo Provincial de Lugo

13:00 h. LECTURA DUN MANIFESTO no Museo Provincial de Lugo que marcará o inicio do proxecto "Museo da Migración da RMPL: punto de partida", o cal culminará o 18 de maio de 2025 coincidindo co DIM. A RMPL impulsará este novo proxecto: o Museo da Migración, un museo virtual que ten como obxectivo abordar a migración desde unha perspectiva interseccional –coherente co enfoque da Rede– e fomentar o diálogo intercultural a través da creación e a participación comunitaria.

14:00 h. XANTAR COMUNITARIO intercultural entre participantes na Sala de exposicións da Deputación Provincial de Lugo.

15:30 h. VISITA GUIADA por Luzia Oca, do colectivo Mulleres á fronte, á exposición "Coidados na Diáspora. Unha autoetnografía fotográfica de mulleres caboverdianas na España".

17:00 h. Obradoiro "MARIQUIÑAS E CUQUITAS POLA DIVERSIDADE". Museo Provincial de Lugo.

18:00 h. Inauguración da exposición "AS XOIAS DO DESERTO" - Colección de Atlántica Centro de Arte.

18:00 h. "A OUTRA PATRIA". Performance poética do Galego de Caracas.

18:30 h. CAMIÑO ABERTO / CANTO LIBRE DE GALICIA E LATINOAMÉRICA. Concerto de Rosa Leiro e Juan Carlos Cambas.

Outras actividades sobre migración:

OBRADOIROS CASTELAO "RAÍCES MIGRANTES"

Ciclo de talleres para explorar a figura de Castelao desde a perspectiva das migracións, conectando a súa vida, obra e pensamento coas historias migratorias das nosas familias. Nos catro museos da Rede Museística Provincial de Lugo. Idades: Infantil e familias.

- > Museo Provincial do Mar
26 de decembro de 11:00 a 13:00 h.
- > Museo Provincial de Lugo
27 de decembro de 17:00 a 19:00 h.
- > Museo Fortaleza San Paio de Narla
02 de xaneiro de 11:00 a 13:00 h.
- > Museo Pazo de Tor
03 de xaneiro de 11:00 a 13:00 h.

OBRADOIRO TERRITORIO TEXTURA

26 de decembro ás 17:00 h.
Museo Provincial de Lugo
Idades: Todas as idades

VISITAS GUIADAS

"Migración e exilio a través das coleccións dos museos da RMPL"
De martes a sábado ás 17:00 h.
Museo Provincial de Lugo

PROGRAMA PEQUEAMIGXS E CLUB SENIOR NO MUSEO PROVINCIAL DO MAR

Memorias migrantes Club Senior
20 de decembro ás 17.00 h.

Migrei, migro e migrarei Club Pequeamigxs
21 de decembro ás 11.00 h.
+info na comunidadermpl.gal

PROGRAMACIÓN ESCOLAR

A Programación escolar da Rede Museística Provincial de Lugo 2024/2025 conta con actividades específicas para traballar a migración durante todo o curso escolar.

MUSEO DA MIGRACIÓN DA RMPL

PUNTO DE PARTIDA


Nos últimos anos a provincia de Lugo rexistrou un incremento significativo na poboación migrante, contribuíndo a desacelerar o descenso demográfico e o envellecemento.

Co gallo do 18 de decembro, Día Internacional das Persoas Migrantes, desde a Rede Museística Provincial de Lugo inauguramos a exposición temporal "Museo da Migración da RMPL: punto de partida".

Trátase dun espazo de reflexión e escoita que pon en valor as experiencias migrantes relacionadas con Lugo, reivindicando o seu lugar na comunidade e que serve tamén de punto de partida para o futuro proxecto virtual "Museo da Migración da RMPL".

Esta mostra divídese en tres bloques (orixe, viaxe e destino) que se identifican cos procesos dunha migración, unha experiencia inmersiva na que "percorrer" o camiño dunha persoa migrante desde as razóns que motivan deixar o seu fogar ata o desafío de integrarse nun territorio, comunidade e cultura novas.

Con esta iniciativa, afianzamos o noso compromiso como centro de investigación, escoita e difusión da memoria migratoria en Lugo, promovendo a reflexión sobre a diversidade e a integración na sociedade lucense.



MUSEO DA MIGRACIÓN DA RMPL

PUNTO DE PARTIDA

En 2025, a RMPL porá en marcha un novo proxecto: o Museo da Migración. Un museo virtual que nace co propósito de abordar a migración dende a perspectiva interseccional -como todo o que se fai no conxunto da Rede- e de promover o diálogo intercultural mediante a creación e a participación comunitaria.

A migración son persoas, igual que o son os museos. Por iso convidámoste a construír connosco o museo que vén: que che gustaría que contara sobre a migración? Dende que perspectiva debera facelo? Que voces, que miradas, deben estar no seu relato?...



Pénsao e envíanos un audio
ou un texto ao **WhatsApp 698 914 849**